

FIRMA DO DOCUMENTO DE CESION PARA A CONSTRUCCIÓN DO CENTRO DE DÍA

O alcalde, Abelardo Carballo, en calidade de representante do Concello de Viana do Bolo, asinou esta mañá o documento de aceptación da cesión por parte do Bispado de Astorga, dun solar para a próxima construción dun CENTRO DE DÍA. Cesión feita de maneira totalmente altruista e que vai redundar en beneficio de toda a veciñanza.

Agradecemos ó Bispado esta cesión que significa o primeiro paso para poder ofrecer, nun futuro próximo, unha maior atención aos nosos maiores.

É de agradecer e subliñar o importante traballo levado a cabo polo noso párroco, D. Ignacio Lindoso, e a súa implicación e tesón ata conquistar este obxectivo, amosando así o gran agarimo que sente por Viana e polos vianeses, cumprindo tamén unha inquietude que tiña dende hai tempo. Moitas grazas.

HOXE É UN DÍA IMPORTANTE.